

# PONTEVEDRA AMAL 20 EN RUTA

Do 7 ao 12 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL

Amal en ruta sae á estrada para achegar unha selección do mellor cinema árabe a Pontevedra. Dous documentais e catro longametraxes que nos axudarán a comprender a realidade social do mundo árabe, unha realidade tan complexa como heteroxénea.

Facemos a equipaxe para achegarmos por quinto ano consecutivo á cidade do Lerez cunha maleta chea de historias para compartir con vós, unha maleta que, como sempre ocorre coas viaxes más especiais, volve máis chea do que sae.

Pronto, a maxia da séptima arte poñerase de novo en marcha.

E ti, acompañasnos nesta viaxe?

GHALEB JABER MARTÍNEZ



LUNS 7 DE SETEMBRO | 21:00  
TEATRO PRINCIPAL

## SOUFRÀ

DOC | THOMAS MORGAN | 2017 | O LÍBANO | 73'

Soufra narra a historia de Mariam Shaar, unha muller nada no campo de refuxiados palestinos de Burj El Barajneh (Beirut) que trata de crear unha empresa de restauración para mulleres como medio de supervivencia económica, social e persoal.

Thomas é un director de cinema social. As súas películas más aclamadas, 'Soufra' e 'Waiting for Mamu' narran historias de persoas que se antepoñen ás dificultades para axudar á súa comunidade.



MARTES 8 DE SETEMBRO | 21:00  
TEATRO PRINCIPAL

## MAFAK - SCREWDRIVER

FIC | BASSAM JARBAWI | 2018 | PALESTINA, USA, CATAR | 108'

Despois de 15 anos de prisión Ziad non recoñece o mundo que o rodea. A tecnoloxía cambiou, a sociedade non é a que era e empeza a comprender que os seus problemas non son só sociais, senón tamén psicolóxicos. Ziad sente que a súa única escapatoria pasa por volver ao momento no que se atopaba 15 anos atrás, con todo o que iso supón.

Bassam traballou como fotógrafo durante a segunda Intifada palestina. Producio varias curtas e documentais, entre elles 'Ghost Hunting', gañadora do mellor documental na Berlinale 2017. 'Mafak' é a súa primeira longametraxe.




MÉRCORES 9 DE SETEMBRO | 21:00  
TEATRO PRINCIPAL

## YOMEDDINE

FIC | ABU BAKR SHAWKY | 2018 | EXIPTO | 93'

Beshay nunca saíu da colonia de leprosos na que o abandonaron sendo un neno. Tras a morte da súa muller decide coller as súas escasas pertenzas e ir en busca das súas raíces xunto a Obama, un mozo orfo que se une a el no camiño.



Abu Bakr Shawky é un escritor e director de cinema de orixe exipcio - austriaco que marabillou a crítica e público con 'Yomeddine', a súa primeira longametraxe. O filme foi seleccionado para participar no Festival de Cinema de Cannes 2018.



XOVES 10 DE SETEMBRO | 21:00  
TEATRO PRINCIPAL

## LOOK AT ME

FIC | NEJIB BELKADHI | 2018 | CATAR, TUNES, FRANCIA | 96'

A vida de Lofti, un inmigrante asentado en Marsella, cambia drásticamente o día que recibe unha chamada do seu irmán desde Tunes. A súa ex-esposa acaba de sufrir un infarto e Lofti tense que facer cargo do seu fillo de 9 anos afectado de autismo.



Nado en Tunes en 1972 estudiou marketing e comunicación antes de adicarse ao cinema no que destaca non só como director senón tamén como actor e produtor.